

FEBREIRO 2019

NENAS / NENOS / ACTIVIDADES / EN GALEGO



CONCELLO DE SANTIAGO

Día	Hora	Lugar	Actividade	Idade	Procedemento
Sábado 9	17.30 h	CC de Santa Marta	Puño, puñete! Baobab Teatro <i>Puño puñete, que tes por dentro? Pan e fermento. Puño puñete, que tes por fóra? Pan e cebola.</i> A palabra, a música, as cantigas... son o medio de comunicación desde que nacemos, no colo, no berce e cando botamos a andar. Neste espectáculo recuperaremos cantigas tradicionais galegas dirixidas á primeira infancia.	De 1 a 7 anos	Entrada libre ata completar a capacidade da sala.
Sábado 16	De 12.30 a 14 h	Saída da Escola Infantil de Santa Susana	Pasea. Itinerario en familia polo modernismo compostelán Club C! Pasear, falar, compartir... en familia para coñecer as principais mostras da arquitectura modernista na cidade. Un movemento que serve como fío condutor do espectáculo programado para a tarde. Espectáculo vencellado: 'Pavillón Lino' de Caramuxo Teatro.	+ 5 anos	De balde. Inscripción por orde de chegada das solicitudes en comunicacion@auditoriodegalicia.org 40 prazas (1 praza por persoa)
	De 16.15 a 18.15 h	Ambigú do Teatro Principal	Obradoiro multiplica. Modernismos Club C! Taller de arquitectura efémera para familias arredor do fenómeno modernista. Modernismos! é unha achega a esta corrente arquitectónica e ás súas principais características (tipos de volumes, liñas, elementos visuais) dende o punto de vista da creación de estruturas en familia, un obradoiro para gozar pais/nais e crianzas. Espectáculo vencellado: Pavillón Lino de Caramuxo Teatro.	+ 5 anos	De balde. Inscripción por orde de chegada das solicitudes en comunicacion@auditoriodegalicia.org 40 prazas (1 praza por persoa)
	18.30 h	Teatro Principal	Pavillón Lino Caramuxo Teatro Espectáculo que nace para homenaxear o desaparecido Pavillón Lino da Coruña, espazo cultural de estética modernista dedicado a todo tipo de actividades artísticas (teatro, cine, baile, monicreques, cómicos, autómatas...) Trepidante comedia de variedades pola que desfilarán unha morea de pintorescos personaxes: os auténticos autómatas, os monicreques de cachiporra, Monquina "A gorila bailarina" e, como non, Charito de Mera e a súa pulga. Nomeada a mellor espectáculo infantil nos Premios María Casares 2017.	+ 5 anos	Prezo: 4 €. Bono familiar (4 entradas): 12 € (só se poderá mercar no despacho de billetes). Despacho de billetes do Teatro Principal. Aberto de martes a sábado (+ días de evento) de 18.00 a 21.00 h e o día do evento desde as 17 h. compostelacultura.gal
Sábado 23	12 h	CC de Conxo	Rosalía pequena Uxía A música é sempre un dos mellores vehículos para descubrir e gozar da poesía. Uxía Senlle déixanos un feixe de cancións para retratar esa muller que xa é a icona do rexurdir da nosa lingua e cultura e tamén símbolo irrenunciable do feminismo do país: a verdadeira Rosalía de Castro. Día de Rosalía		Entrada libre ata completar a capacidade da sala.
Domingo 24	12 h	CC do Ensanche	A viaxe de Rosalía Babaluva Monicreques A protagonista desta viaxe é Rosalía de Castro que, da man da súa madriña Francisca e cargada de maletas con teas, zapatos e moitas cousas queridas para ela, comparte con nós a traxectoria vital e artística dun símbolo irrenunciable para a cultura galega. Xuntas contarán pasaxes da vida da artista e algúns dos seus poemas. Día de Rosalía	+ 6 anos	Entrada libre ata completar a capacidade da sala.
Martes 26	17 h	CC do Ensanche	Comerá o bebé? Cris de Caldas Contos, poemas, xogos de mans e música con Xabi o do Camiño. Cris e Xabi presentarán unha magnífica recompilación da nosa tradición oral con música en directo, e como fío condutor: a comida. Comerá ou non comerá o bebé?	De 6 meses a 3 anos	Inscripción do 12 ao 20 de febreiro en dlg@santiagodecompostela.gal 25 prazas